

A RAMONA PEQUENA



PAKOLAS



pakolas.com / Paco Cerdeira / Tlf. 649611845

Sinopse

[Ver vídeo](#)

“Pakolas”, rockeiro e guitarrero, é o nome co que Paco Cerdeira se presenta ante o público infantil, eido no que o músico conta con longa traxectoria. Neste concerto, **Pakolas** guiaranos coa súa forza interpretativa e o seu humor por todo un universo musical, a través da súa voz e a guitarra, nun **espectáculo individual** creado polo propio autor, onde a **interacción e participación coas nenas e nenos**, a animación, as súas caracterizacións e a súa música son o principal atractivo para o público.

ESTREA NOVO LIBRO-QR:

*“A Ramona pequena
vai á lúa”*

En “*Rockeando coa Ramona Pequena*”^(*) Pakolas preséntanos o seu último libroqr (Galaxia 2ª Ed Set 2023). Con este novo traballo seguen as historias da Ramona Órbita, sendo unha parte II do seu anterior disco “*Ramona Órbita, a dona do tempo*”.

Contaremos e cantaremos a historia da *Ramona pequena*. A máquina do tempo leva a Ramona á súa infancia. Vivimos así unha nova aventura didáctica e rockeira rebordante de imaxinación e aprendizaxe.

Corría o ano 1967 no Courel e Ramona contaba con 6 anos. Era unha nena movida por constantes inquedanzas, cunha mente esperta e imaxinativa. Adoraba perderse entre as páxinas de Xulio Verne, “*A volta ao mundo en 80 días*”, “*20 mil leguas de viaxe submarino*”, “*Viaxe ao centro da terra*” e sobre todo un que lle despertaba a mais grande das curiosidades, “*Da terra á lúa*”, que lía unha e outra e outra vez. A Lúa era para ela unha fonte imparabile de preguntas sen resposta: que tipo de leiras habería nela? Poderíase cultivar na súa superficie? Habería auga? Viviría alguén aí? Saberían, ou polo menos entenderían o galego? Sería mais grande que o Sol?

Moitas personaxes poderedes coñecer neste novo espectáculo, como a profe Lupe, que sempre escoitaba atenta as dúbidas da pequena, ou á súa amiga furona Nora, coa que consegue viaxar ata a Lúa! Con estas e outras personaxes chegaremos á fin desta viaxe, que nos ensina que a imaxinación non ten límites, a nosa cabeza é un taller de ideas onde os soños poden tornarse realidade. A historia dunha nena interesada polas ciencias, unha astronauta que acada o seu soño. De novo Pakolas volve a dar importancia á figura feminina que rompe cos estereotipos de xénero.

Un espectáculo para compartir coas mais pequenas e coa familia.

^(*) “*Rockeando coa Ramona pequena*” conta con escenografía traseira. “*A Ramona pequena vai á lúa*” pola contra non conta con escenografía traseira



Ficha artística

Paco Cerdeira (Músico, Compositor e Produtor) leva adicándose ao público infantil dende xa fai mais de 16 anos, comezando os seus pasos como membro de **Mamá Cabra** (grupo de música didáctica infantil en galego), do que participou nos seus traballos durante mais de 10 anos continuamente, sendo eixo principal dos espectáculos desenvolvidos por esta formación musical.

No ano 2014, dada a súa longa traxectoria, **decide formar a súa propia banda de música infantil**, e nace así **A Gramola Gominola**, editando así o seu primeiro traballo en Libro-Cd como Autor en Marzo de 2015, "*A Gramola Gominola*" (Editorial Galaxia-Sonábore) Crea cancións para un proxecto musical totalmente diferente ao visto ata ese momento, tendo como eixe central o Rock and Roll, sendo unha proposta didáctica para os máis cativos da casa. No ano 2017 editase o segundo libro-disco "*Cancións para desafinar*" seguindo a mesma liña, e no 2019 sae á luz o terceiro traballo da banda, "*Bravas. O rexurdir da luz*", todos coa Ed. Galaxia. Acadan o **Premio Martín Códax da Música 2018** ao mellor grupo de música infantil.



O seu proxecto máis persoal, **Pakolas**, nace a finais de 2015, no que segue a compoñer para a cativada con letras e composicións propias. O seu primeiro traballo en solitario, "*Pakolas*" (2017), é un libro-disco publicado pola Ed. Galaxia, que conta co respaldo do Colexio Profesional de Logopedas de Galicia. Son 10 composicións, nas que tamén trata de traballar a música dende unha nova perspectiva logopédica. Conta con tres edicións.

En agosto de 2020 sae editado o seu segundo traballo en solitario, "*Ramona Órbita, a dona do tempo*" (Ed. Galaxia 4ª Ed Set-2023). Axiña agota a súa primeira edición, tan só cinco meses despois da súa estrea. En Xaneiro de 2021 sae do prelo a segunda edición ata a cuarta edición en setembro de 2022, con mais de 2.000 exemplares vendidos. Neste novo libro conta e canta a ritmo moi rockeiro a historia de Ramona Órbita, unha muller labrega da Serra do Courel que posúe unha horta cibernética con patacas automáticas, e ademais ten unha máquina do tempo, coa que viaxa ao futuro e ao pasado na procura de tecnoloxía para crear un mundo mellor, mais ecolóxico e con enerxías limpas.

En 2023 sae editado o seu terceiro traballo en solitario, "*A Ramona Pequena vai á lúa*" (Ed. Galaxia, 2ª Ed Set 2023), unha nova entrega das historias da súa labrega inventora favorita, e desta volta a máquina do tempo lévanos á súa infancia. Corría o ano 1967 no Courel e Ramona contaba con 6 anos. Era unha nena movida por constantes inquedanzas, cunha mente esperta e imaxinativa. Adoraba perderse entre as páxinas de Xulio Verne, sobre todo un que lle despertaba a maior das curiosidades, "*Da terra á lúa*". Este novo libro asgota a primeira tirada en tan só cinco meses.

En 2023 tamén resulta **gañador do XIV Premio Rosalía de Castro da Deputación da Coruña**. Pakolas xira por toda Galicia ata a actualidade con mais de 130 funcións anuais, en bibliotecas, coles, teatros, auditorios, cunha formidable acollida do público!

Ficha técnica

- Espectáculo: Musical
- Duración: 55-60 min (aprox)
- Música e son: Paco Cerdeira (*)
- Escenografía (**): Laura Romero
- Atrezo: Ana Tenreiro
- Público: Infantil e familiar
- Escenario: (***)
 - Ancho: 4,0 m
 - Fondo: 3,0 m
 - Alto: 3,0 m

- Montaxe: 1,5 horas (unha vez descargado) Desmontaxe: 1 hora
- Equipo de son: **Equipo propio**, para un aforo de 200 persoas. No caso de maior aforo consultar. (O enchufe de corrente deberá ser de 220 voltios con toma a terra).

(*)Dende o punto de vista técnico da música, Paco Cerdeira interpreta en vivo e directo a través da súa voz e guitarra, e completa o conxunto do espectáculo cunhas bases gravadas de baixo e batería fundamentalmente, que conforman a composición musical.

(**) O espectáculo "A Ramona pequena viaxa á lúa" non conta con escenografía traseira

(***) Ambos espectáculos adaptables a diferentes espazos, consultar.

Contacto (contratación)

Paco Cerdeira Castiñeiras
Tel: (+34) 649 61 18 45
Email: pakolas.cerdeira@gmail.com

Mais datos

Web: www.pakolas.com

Discografía: www.pakolas.com/cancions
www.soundcloud.com/pakolas

Social Media



Vídeos

